

Vigo  
22-nov.  
1951

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta, que, como sempre, me produxo a le-  
dicia dos vellos recordos. Doume presa en che respostar pra  
acompañar che as fotografías que me pides. Non puiden atopar  
a do illote de San Simón, nin outras máis expresivas. Si dis-  
puxese de algún tempo reembarriache o que desexas. Pero como  
supoño que che urxen, á ver si así poder saír do paso. Agra-  
deceriache moito que cando se pubrique o artigo, me mandes  
un exemplar do Suplemento.

Va saír o segundo número da colección "frial", leva por  
título "Pintura actual en Galicia". Colaboran Maside, Seoane,  
Rufel Toñán, Dieste, Ferrerán, etc. Non tardarás en recibilo,  
pois certifícase fai uns días á tua dirección. Díme que  
che parece. Coído que deica agora un se fixo nada semellante.  
Veremos si podemos seguir avante.

Quixera que, como favor especial, me enviases un ensaio teu,  
co vello pseudónimo que aquí empregaré, pra un dos próxi-  
mos números. Un dos nosos maiores alicerces é incorporar  
á publicación un abondoso número de firmas das que teñan  
algo que dicir. ¿Entenderásme?

O Boura xa está aquí de regreso. Tu non o vís, e pouco  
sei das impresións que trae da súa xira cultural.

Deus paus de ir a dar unha volta por esas terras, e poder  
abrazarvos a todos. Hai momentos en que ise viaxe é pra  
min unha verdadeira ousesim. Sinto-me caído, desalentado,  
vista bretema que o afoga a un.

Nada máis pol-o momento.

Recibe a forte e cordial aperta de sempre, de

Udel